



INSTRUCCIÓN 14/2020, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, SOBRE REPROGRAMACIÓN FUNCIONAL PREVENTIVA DA ACTIVIDADE ASISTENCIAL

A actividade asistencial ordinaria das institucións sanitarias veu concentrándose maioritariamente, por razóns organizativas, no horario de mañá.

Esta programación funcional dos servizos e unidades resulta do exercicio da potestade de autoorganización da administración, a cal está recoñecida no ordenamento xurídico e, nomeadamente, na normativa básica do emprego público. En concreto, na Lei 55/2003, do 16 de decembro, pola que se aproba o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

Así, o seu artigo 46 define a programación funcional do centro como “*as instrucións que, en uso da súa capacidade de organización e de dirección do traballo, se establezan pola xerencia ou a dirección do centro sanitario en orde a articular, coordinadamente e en todo momento, a actividade dos distintos servizos e do persoal de cada un deles para o adecuado cumprimento das funcións sanitario-asistenciais*”.

No ámbito do Servizo Galego de Saúde, o Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios, está a referirse especificamente a esta potestade de dirección e organización cando atribúe á Xerencia de cada área sanitaria as funcións de “programar, dirixir e controlar a execución da actividade, a través dos medios persoais e materiais disponíveis e a coordinación das súas unidades”, ou de “organizar os recursos humanos, materiais, tecnolóxicos e financeiros no seu respectivo ámbito” (artigo 6).

Instrucción 14/20



A actual situación de crise sanitaria está a ratificar, na práctica, a gran relevancia preventiva das medidas de distanciamento social ou físico nos lugares públicos e nos centros de traballo, de tal xeito que a concentración de persoas nos espazos comúns dos edificios implica un incremento do risco de contaxio.

Con base nesa evidencia, e na procura da protección da saúde pública e da debida prevención de riscos laborais, resulta preciso, por unha parte, fomentar as modalidades de atención non presencial (consulta telefónica, teleseguimento, atención domiciliaria...) e o teletraballo; por outra, reformular unha organización do traballo que, como a vixente, centraliza a actividade e a recepción de usuarios/as nun tramo horario concreto -o de mañá-, e impulsar unha nova programación funcional que fomente o incremento da actividade ordinaria no horario de tarde.

Polo demais, calquera reprogramación de actividade nunha institución sanitaria, realizada por razóns de seguridade e saúde, debe respectar a normativa básica nesa materia (como a que establece o propio Estatuto Marco coa súa regulación do tempo de traballo e réxime de descansos na sección primeira do capítulo X), as regulacións de xornada establecidas en pactos ou acordos da Mesa Sectorial, e os dereitos de participación do persoal a través dos seus órganos de representación.

En atención ao que antecede e na procura de certa homoxeneidade, procede establecer criterios básicos de actuación nas diversas institucións.



INSTRUCCIONES

Primeira.- Reprogramación funcional

As xerencias-direccións, previa a realización dos estudios precisos, introducirán as medidas de reprogramación funcional necesarias para reducir progresivamente a concentración de profesionais e persoas usuarias, no horario de mañá (8 a 15 horas), nos espazos comúns das institucións e centros delas dependentes.

Entre outras medidas, e tomando en consideración as características dos diversos colectivos de pacientes, procederá impulsar modalidades de atención non presencial, o teletraballo e a actividade ordinaria en horario de tarde (entre as 15 e as 22 horas).

Segunda.- Actividade ordinaria en horario de tarde

Para o impulso da actividade ordinaria en horario de tarde atenderase inicialmente á vontade do persoal afectado.

Cando as características da actividade profesional, e de traballo da unidade ou servizo así o permitan, o horario de tarde poderá comprender exclusivamente unha parte do horario referido (entre as 15 e as 22 horas). Neste caso, e cando se trate de persoal que teña prestado servizos no mesmo día en horario de mañá, procurarase que a prestación se realice nas horas inmediatamente seguintes.

Os criterios para determinar o persoal afectado por esta reprogramación da actividade serán fixados coa participación dos órganos de representación (xuntas de persoal/comisións de centro).

Instrucción 14/20



INSTRUCCIONES

Poderán utilizarse como referencia os criterios obxectivos que veñan sendo aplicados, de ser o caso, nos procesos de mobilidade interna, e tomando sempre en consideración criterios que atendan a conciliación da vida laboral e familiar.

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2020

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo



INSTRUCCIÓN 14/20